

**ORDENANZA FISCAL Nº39 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS PREVIOS Á CONCESIÓN OU DENEGACIÓN DAS LICENZAS OU A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS DE CONTROL NOS SUPOSTOS DE PRESENTACIÓN DE "DECLARACIÓN RESPONSABLE" OU "COMUNICACIÓN PREVIA".**

**Artigo 1.- Fundamento legal.**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 19 e 20.4 h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establece a taxa que se rexera pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

**Artigo 2.- Feito imponible.**

En virtude do establecido no artigo 2.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, artigo 20.4.h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e artigo 6 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións ou a realización de actividades técnicas e administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa".

**Artigo 3.- Suxeitos pasivos.**

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

**Artigo 4.- Responsables.**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas mencionadas no artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Responderán subsidiariamente os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

## **Artigo 5.- Cota tributaria.**

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>COTA</b>
Obra maior e menor	0,50% do Orzamento de Execución Material, cunha cota mínima de 10€
Parcelacións	30€ por parcela
1ª ocupación	Vivendas e anexos vinculados: 1€/m <sup>2</sup> de superficie útil
	Comercios: 0,80 €/m <sup>2</sup> de superficie útil
	Industrias: 0,50€/m <sup>2</sup> de superficie útil
Prórrogas	30€

Cando o interesado desista ou renuncie da solicitude formulada antes de que se dite a oportuna resolución ou de que se complete a actividade municipal requirida reducirase a cantidade o 50% da cota correspondente.

## **Artigo 6.- Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa.

## **Artigo 7.- Devengo.**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística ou/e a correspondente iniciación do expediente.

## **Artigo 8.- Declaración.**

Os suxeitos pasivos presentarán a oportuna solicitude ou comunicación previa ou declaración responsable no Rexistro Xeral do Concello no modelo habilitado ao efecto.

## **Artigo 9.- Normas de xestión.**

As taxas por prestación de servizos urbanísticos esixíranse en réxime de declaración e liquidación simultánea, cando se realicen a petición do interesado e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración tributaria local.

A obriga de contribuír non se verá afectada pola renuncia ou desestamento do solicitante despois de concedida esta.

Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a correspondente declaración tributaria nos impresos habilitados polo Concello e realizar o ingreso da liquidación resultante nas entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no

momento de presentar a correspondente solicitude, comunicación previa ou declaración responsable

O pago da liquidación, efectuado polo suxeito pasivo ou da liquidación orixinaria por actuación de oficio da Administración Local terá carácter provisorio e será a conta da liquidación definitiva que proceda.

A Administración Local, unha vez realizadas as actuacións motivadas polos servizos urbanísticos prestados, despois da comprobación destes e das liquidacións, practicará, no seu caso, as correspondentes liquidacións definitivas, esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle a cantidade diferencial que resulte.

#### **Artigo 10.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e disposicións que a desenvolvan.

#### **Artigo 11.- Disposición final.**

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor e comezará a aplicarse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

#### **artigo 12**

Se habilita ao Alcalde para a modificación dos modelos de solicitude, comunicación previa e declaración responsable.

**Dilixencia.-** Para facer constar que a presente ordenanza foi modificada no Pleno do Concello en sesión de 27 de marzo do 2014 , publicada a aprobación provisional no B.O.P. de o 16-04-14 nº 88, publicada definitivamente no B.O.P nº 126 de 4-06-14.